

MIGUEL CASTRO XERENTE DE PROXECTOS DA FUNDACIÓN BILL E MELINDA GATES

«Hai unha menor empatía global cara ás causas da pobreza e o desenvolvemento»

Castro destaca que Bill Gates é unha persoa «extremadamente intelixente, analítica e moi especial»

R. ROMAR

REDACCIÓN / LA VOZ

Miguel Castro é un bo exemplo dos galegos repartidos polo mundo que non perden as súas raíces. Ourensán de Cortegada, está afeito a viaxar continuamente, dende a súa oficina en Londres, por Europa, África e Asia. É parte das súas obrigas como *senior officer* de relacións cos medios da Fundación Bill e Melinda Gates, unha especie de xerente de proxectos. Castro é xornalista, pero chegou un momento na súa carreira en que decidiu «cambiar o periodismo polas causas humanitarias e o desenvolvemento». Primeiro fíxoo na Open Society Foundation, de George Soros, onde estivo oito anos antes de chegar ao seu posto actual. É, polo tanto, un bo coñecedor das fundacións que se dedican á filantropía, unha experiencia da que falará o próximo xoves na Coruña na primeira xornada internacional sobre Comunicación e Filantropía, organizada pola Fundación Barrié con motivo do seu centenario.

—**¿En qué consiste o seu traballo?**

—Fago inversión social nos medios e proxectos de comunicación de carácter social. A finalidade é acadar un efecto na sociedade en función do obxectivo da fundación, que non é outro que que todas as vidas teñan o mesmo valor. Para iso traballamos en temas de igualdade de sexos, inclusión social, erradicación da pobreza, de acceder a fármacos para tratar enfermidades esquecidas para as que non hai unha so-



Miguel Castro estará o xoves na Coruña para participar nunhas xornadas da Fundación Barrié.

lución, pero que si poderían teldoadamente...

—**¿En qué proxectos están a traballar?**

—Nós non traballamos con proxectos, traballamos con temáticas. Falamos de pobreza, de desenvolvemento, de igualdade de xénero, de acceso aos medicamentos... O que queremos é influír na sociedade para que tome conciencia das necesidades e impulsala á acción, que se decate, por exemplo, de que é bo axudar á xente que vive con menos dun euro ao día. Nós traballamos nos sitios máis pobres, onde as necesidades son máis grandes.

—**Se se trata de xerar sensibilidade, parece que a situación actual, na que os países miran máis para si mesmos, non está a axudar moito. ¿Estamos a ser menos solidarios?**

—A verdade é que, a nivel global, temos tido momentos mellores. Nós facemos bastantes enquisas para explicar o que pasa e os resultados indican que a situación é preocupante. Hai unha menor empatía global cara ás causas da pobreza e o desenvolvemento. Isto está a ocorrer de forma moi

significativa co Goberno de España, que reduciu de forma moi significativa, nun 50 %, as axudas ao desenvolvemento, cando Alemaña, no mesmo período, vai dando máis pouco a pouco.

—**¿Pero as necesidades seguen?**

—As necesidades non son só de carácter moral ou social, os problemas tamén afectan ás economías dos países. Todos os problemas de saúde global ou de pobreza teñen unha compoñente que limita o desenvolvemento dos países. A mortalidade infantil, que as mulleres non teñan posibilidade de ir á escola porque teñen que casarse novas, a gran mortalidade nos embarazos... Son temas que, se se solucionan, aportan un beneficio para as economías locais, nacionais e internacionais. E un bo exemplo foi o ébola, que demostrou que non sabe de ricos e pobres e que non reconece fronteiras.

—**¿A elección de Donald Trump, máis proteccionista, pódelle afectar, repercutir nesta menor solidariedade mundial?**

—É un tema no que non teño capacidade de opinar. Somos unha fundación global e, sexa quen se-

xa o presidente elixido, nós temos que traballar moi de cerca coas entidades governamentais.

—**Imaxino que vostede coñece a Bill e Melinda Gates. ¿Cómo é traballar con eles?**

—Moitos empregados teñen contacto con eles, xa que dedican tempo á fundación. A honestidade intelectual dos dous é inquestionable. Son dúas persoas cun rigor intelectual inmenso, cunha capacidade analítica impresionante. Teñen unha cultura do traballo que se traduce no día a día na fundación, e que vén da súa ética persoal.

—**Entende que son contagiados polo seu espírito.**

—Si, nós tamén queremos poñer o noso grao de area para cambiar o mundo. Tomamos o noso traballo moi en serio, e iso herdámolo da personalidade de Bill Gates, que é extremadamente intelixente, analítico, e moi especial.

—**¿Hai máis galegos na fundación?**

—Desafortunadamente non coñezo a ningún, e tamén hai poucos españois en xeral. Os galegos temos unha ética do traballo que habería que exportar, seríamos moi bos neste campo.

El cerebro de los obesos se activa más con la comida que con el dinero

REDACCIÓN / LA VOZ

El sistema de recompensa cerebral de las personas obesas muestra una mayor activación ante un estímulo de comida que ante una recompensa económica, según un estudio de la Universidad de Granada que ha empleado técnicas de resonancia magnética.

Los científicos del Centro Mente, Cerebro y Comportamiento emplearon una técnica de resonancia magnética funcional para evaluar el comportamiento del circuito de recompensa cerebral en personas con obesidad, sobrepeso y peso normal, mientras realizaban tareas relacionadas con alimentos y dinero. El trabajo se publicó en la revista *Human Brain Mapping*.

Los investigadores trabajaron con una muestra formada por 21 adultos con obesidad, 21 con sobrepeso y 39 con un peso normal.

Logran crear en laboratorio tejidos humanos del intestino

MADRID / EUROPA PRESS

Científicos han logrado cultivar tejidos intestinales humanos que tienen nervios funcionales en un laboratorio y después usarlos para reconstruir y estudiar un desorden severo del nervio intestinal llamado enfermedad de Hirschsprung. Lo hicieron a partir de células madre humanas pluripotentes.

Los hallazgos describen un nuevo enfoque para ingenieros y estudiosos de los tejidos del intestino, el órgano inmune más grande del cuerpo, su procesador de alimentos y la interfaz principal con el mundo exterior. El trabajo se publica en *Nature Medicine*.

La recuperación de la laguna de Begonte recibe un premio europeo

REDACCIÓN / LA VOZ

La empresa de áridos Erimsa ha obtenido en Bruselas un certificado a la excelencia por sus prácticas ambientales en el proyecto de recuperación de la laguna de Begonte, una zona de alto valor ecológico en la que cuenta con una concesión para extraer cuarzo. La compañía quedó finalista

en los Premios Europeos de Desarrollo Sostenible, convocados por la Unión Europea de Productores de Áridos, a los que se presentaron 41 proyectos internacionales. El jurado estaba compuesto por profesionales independientes, entre los que se encontraba el director europeo de SEO Birdlife, Angelo Caserta.

La zona de actuación estaba declarada como lugar de interés comunitario (LIC) y recientemente incrementó su protección a la más elevada en Red Natura: zona especial de conservación. A ello contribuyó la restauración que permitió crear un nuevo entorno lagunar y la formación de nuevas zonas de bosque de ribera.



Estado en el que quedó la laguna después de su recuperación ambiental.